

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

- 913** *Real decreto 38/2017, do 27 de xaneiro, sobre disposicións de aplicación da normativa da Unión Europea en materia de accións de información e promoción relativas a produtos agrícolas no mercado interior e en terceiros países.*

O Regulamento (UE) n.º 1144/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2014, sobre accións de información e de promoción relativas a produtos agrícolas no mercado interior e en terceiros países e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 3/2008 do Consello, estableceu un novo réxime, máis eficaz e coherente, sobre as políticas de promoción e información tendo en conta a experiencia adquirida e as perspectivas de evolución do sector agrícola e dos mercados, dentro e fóra da Unión Europea.

En desenvolvemento do anterior, o Regulamento delegado (UE) 2015/1829 da Comisión, do 23 de abril de 2015, que completa o Regulamento (UE) n.º 1144/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, sobre accións de información e de promoción relativas a produtos agrícolas no mercado interior e en terceiros países, e o Regulamento de execución (UE) 2015/1831 da Comisión, do 7 de outubro de 2015, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1144/2014 do Parlamento Europeo e do Consello sobre accións de información e de promoción relativas a produtos agrícolas no mercado interior e en terceiros países, establecen as condicións en que as accións de información e de promoción relativas a produtos agrícolas e de determinados produtos alimenticios a base de produtos agrícolas, levadas a cabo no mercado interior ou en terceiros países, poderán ser financiadas, total ou parcialmente, con cargo ao orzamento da Unión Europea.

O obxectivo destas accións de información e promoción é reforzar a competitividade do sector agrícola da Unión Europea e, de forma máis concreta, aumentar o nivel de coñecemento dos consumidores sobre as bondades dos produtos agrícolas e dos métodos de produción, así como incrementar o coñecemento e o recoñecemento dos réximes de calidade da Unión Europea.

Para tal fin, as axudas están destinadas ás organizacións profesionais e interprofesionais representativas do sector agroalimentario de ámbito nacional ou da Unión Europea, organizacións de produtores ou asociacións de organizacións de produtores e organismos do sector agroalimentario.

Para a realización do programa, as entidades propoñentes poderán seleccionar un ou varios organismos de execución. Así mesmo, e logo de autorización da Comisión, poderán executar determinadas partes dun programa aténdose ás condicións previstas no artigo 11 do Regulamento de execución (UE) 2015/1831 da Comisión.

De conformidade co Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común, polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 352/78, (CE) n.º 165/94, (CE) n.º 2799/98, (CE) n.º 814/2000, (CE) n.º 1290/2005 e (CE) n.º 485/2008 do Consello, os programas simples débense executar mediante xestión compartida dos Estados membros e a Unión Europea.

En consecuencia, no caso destas subvencións, as institucións europeas, e en concreto a Axencia Executiva de Consumidores, Saúde, Agricultura e Alimentación (Chafea), dispoñen de competencias directas na aprobación e xestión das solicitudes de axuda presentadas polas organizacións propoñentes. Non obstante, determinadas actuacións neste procedemento son encomendadas pola dita normativa aos Estados membros.

En concreto, de acordo co establecido no artigo 14 do Regulamento (UE) n.º 1144/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2014, será responsabilidade dos Estados membros velar pola correcta execución dos programas simples seleccionados pola Comisión Europea en virtude do artigo 11 do citado regulamento e dos pagamentos correspondentes aos ditos programas.

Polo tanto, no que respecta aos mencionados aspectos de xestión que atribúen os regulamentos da Unión Europea ás autoridades dos Estados membros, a xestión centralizada resulta imprescindible pola propia natureza das subvencións destinada a organizacións de ámbito superior ao dunha comunidade autónoma, para asegurar a plena efectividade das medidas dentro da ordenación básica do sector e para garantir as mesmas posibilidades de obtención e desfrute por parte das súas potenciais destinatarias en todo o territorio nacional. Todo isto de conformidade coa doutrina do Tribunal Constitucional.

En relación co rango da norma e a teor da reiterada xurisprudencia constitucional (sentenzas do Tribunal Constitucional 175/2003, do 30 de setembro, e 156/2011, do 18 de outubro), resulta imprescindible que a súa regulación se estableza mediante real decreto, ao tratarse de normativa básica de competencia estatal. En efecto, desde o punto de vista formal, a doutrina do Tribunal Constitucional exige o establecemento das bases reguladoras de subvencións mediante unha norma con rango de lei ou real decreto; así, na súa Sentenza 156/2011, do 18 de outubro (FX 7), afirma que «en canto á perspectiva formal, a regulación subvencional que nos ocupa debe tamén satisfacer as exigencias formais da normativa básica contidas na antes reproducida STC 69/1988, FX 5. Desde a dita perspectiva formal, hai que partir de que nas materias de competencia compartida en que, como ocorre neste caso, corresponde ao Estado o establecemento das normas básicas e ás comunidades autónomas o desenvolvemento normativo e a execución das ditas bases, a instrumentación dos programas de subvencións debe facerse co soporte da lei formal sempre que sexa posible ou, en todo caso, a través de norma regulamentaria do Goberno que regule os aspectos centrais do réxime xurídico das subvencións, que debe comprender, polo menos, o obxecto e a finalidade das axudas, a súa modalidade ou modalidades técnicas, os suxeitos beneficiarios e os requisitos esenciais de acceso... Este criterio respecto á cobertura formal da normativa básica debe ser exixido, incluso con maior rigor, nos supostos de subvencións estatais centralizadas nos ámbitos materiais en que a Constitución reserva para o Estado a normativa básica, xa que esa xestión centralizada se erixe en excepción que limita o exercicio ordinario polas comunidades autónomas das súas competencias».

Do mesmo modo, tendo en conta a doutrina do Tribunal Constitucional, prevese a xestión centralizada dos fondos, o que vén avalado polo feito de que as actuacións de fomento establecidas no presente real decreto afectan o conxunto do sector, posto que non se encontran compartimentadas, senón que se estende ao conxunto do sistema produtivo, e son ao mesmo tempo un medio necesario para evitar que a contía global destas axudas supere os fondos da Unión Europea dedicados a elas, polo que unicamente teñen sentido se se mantén o seu carácter supraterritorial. Así mesmo, é o medio máis apropiado para asegurar a plena efectividade das medidas dentro da ordenación básica do sector e para garantir as mesmas posibilidades de obtención e desfrute por parte dos seus potenciais destinatarios en todo o territorio nacional, mediante o establecemento duns criterios uniformes para o acceso ás axudas. Por outra parte, esta modalidade de xestión está avalada polo feito de que as actuacións de fomento, cuxa realización pretende esta norma, afectan o conxunto do sector, polo que unicamente teñen sentido se se mantén o seu carácter supraterritorial.

A este respecto, e de acordo coa reiterada xurisprudencia constitucional en materia de axudas públicas, neste real decreto danse as circunstancias que amparan a centralización das axudas, conforme o «cuarto suposto» da Sentenza do Tribunal Constitucional 13/1992, no seu fundamento xurídico 8.D), descritas no parágrafo anterior, correspondendo, polo tanto, a xestión centralizada, cando resulte imprescindible para asegurar a plena efectividade das medidas de fomento dentro da ordenación básica do sector, para garantir

as mesmas posibilidades de obtención e desfrute destas por parte dos seus destinatarios potenciais en todo o territorio nacional, sendo ao mesmo tempo un medio necesario para evitar que se supere a contía global dos fondos ou créditos que se destinasen ao sector (SSTC 95/1986; 152/1988 e 201/1988).

Este sistema de apoio ás accións de información e promoción relativas a produtos agrícolas no mercado interior e en terceiros países xestiónao o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, con base no artigo 149.1.13.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia sobre as bases e a coordinación xeral da actividade económica.

Así, con palabras da Sentenza do Tribunal Constitucional 45/2001, do 15 de febreiro, «o artigo 149.1.13.^a CE pode amparar tanto normas estatais que fixen as liñas directrices e os criterios globais de ordenación de sectores económicos concretos, como previsións de accións ou medidas singulares indispensables para alcanzar os fins propostos na dita ordenación (STC 155/1996, do 9 de outubro, F. 4 e xurisprudencia citada nela)». En definitiva, o Estado ten reservada, polo mencionado artigo 149.1.13.^a, unha competencia de dirección en que teñen acubillo normas básicas e, así mesmo, previsións de accións ou medidas singulares que sexan necesarias para acadar os fins propostos dentro da ordenación do sector (STC 117/1992, do 16 de setembro).

Isto débese ao seu carácter transversal xa que, mesmo existindo unha competencia sobre un subsector económico que unha comunidade autónoma asumiu como «exclusiva» no seu estatuto, esta atribución competencial non exclúe a competencia estatal para establecer as bases e a coordinación dese subsector, e que o exercicio autonómico desta competencia exclusiva pode estar condicionado por medidas estatais, que en exercicio dunha competencia propia e diferenciada poden despregarse autonomamente sobre diversos campos ou materias, sempre que o fin perseguido responda efectivamente a un obxectivo de planificación económica (STC 74/2014, do 8 de maio).

Igualmente, a STC 11/2015, FX 4, por remisión á STC 79/1992, do 28 de maio, FX 2, recordou que «o sector da agricultura e a gandaría é daqueles que pola súa importancia toleran a fixación de liñas directrices e criterios globais de ordenación, así como previsións de accións ou medidas singulares que sexan necesarias para acadar os fins propostos dentro da ordenación de cada sector, destacando que “...en materia de agricultura e gandaría, sendo a competencia específica das comunidades autónomas... o Estado pode intervenir en virtude das súas competencias xerais sobre a ordenación xeral da economía”».

O artigo 149.1.13.^a CE pode, en determinados casos, xustificar a reserva de funcións executivas ao Estado e tamén permitir o uso da supraterritorialidade como título atributivo de competencias ao Estado, pero para que o dito suposto poida ser considerado conforme a orde competencial deben cumprirse dúas condicións: que resulte preciso que a actuación de que se trate quede reservada ao Estado para garantir así o cumprimento da finalidade de ordenación económica que se persegue, a cal non se podería conseguir sen a dita reserva, e, por outro lado, que o uso do criterio supraterritorial resulte xustificado nos termos da nosa doutrina, isto é, atendendo tanto ás razóns achegadas como á congruencia da reserva da función co réxime da norma.

De acordo coa doutrina do Alto Tribunal, trátase de exercer determinadas actuacións de fomento para a información e promoción relativas a produtos agrícolas no mercado interior e en terceiros países cuxos destinatarios van ser, de acordo co artigo 7.1 do Regulamento (UE) n.º 1144/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2014, entidades de ámbito de actuación supraautonómico, é dicir, que actúan máis alá do ámbito territorial que constitúe o límite dentro do cal exercen as súas competencias as comunidades autónomas, principio de territorialidade, fundamental neste suposto en que as axudas non se encontran compartimentadas, senón que se estenden ao conxunto do Reino de España como Estado membro da Unión.

O programa de información e promoción relativas a produtos agrícolas no mercado interior e en terceiros países establece un conxunto de actuacións que agora a Comisión debe valorar e escoller, polo que a actuación das autoridades internas se limita en boa medida con respecto ao modelo anterior. No seu seo, a supervisión da correcta execución

das tarefas de publicidade e concorrência na selección dos organismos de execución respectivos por parte das entidades proponentes, así como as garantías da correcta execución das accións e dos pagamentos correspondentes aos ditos programas, requiren dunha xestión centralizada por parte do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente que garanta a aplicación de criterios uniformes evitando o fraccionamento no acceso a estas axudas e favorecendo, polo tanto, que existan idénticas posibilidades de obtención e desfrute por parte dos potenciais destinatarios, co cal se lles garante unha adecuada aplicación cuns mesmos criterios a todos os posibles interesados en todo o territorio nacional e se evitan visións parciais ou incompletas, como cando o criterio dunha comunidade autónoma prevaleza fronte ao resto e afecte administrativamente operadores con ningunha vinculación territorial e económica. Este criterio é especialmente relevante cando parte ou a totalidade das accións de información e promoción se deban realizar en terceiros países e noutros Estados membros, o que vincula a súa aplicación coa regra 10.^a do artigo 149.1, que lle asigna competencia exclusiva ao Estado en materia de comercio exterior.

Desta forma, o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, a través da Dirección Xeral da Industria Alimentaria, de acordo co previsto no artigo 11 do Real decreto 401/2012, do 17 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, e o Fondo Español de Garantía Agraria que, segundo a Orde APA/3147/2006, do 6 de outubro, é o organismo autorizado ante a Unión Europea para actuar como organismo pagador e organismo de coordinación dos novos fondos europeos agrícolas, traballarán de forma coordinada e serán os encargados da xestión e coordinación dos programas simples de información e de promoción.

As normas establecidas neste real decreto refírense, polo tanto, unicamente aos programas simples xestionados en parte polos Estados membros, polo que é necesario derogar a Orde AAA/1548/2014, do 28 de agosto, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para programas de información e promoción de produtos agrícolas no mercado interior e en terceiros países aplicables aos programas seleccionados.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, así como as entidades máis representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 27 de xaneiro de 2017,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer a normativa básica aplicable en España sobre os programas simples de información e de promoción relativos a produtos agrícolas e a determinados produtos alimenticios a base de produtos agrícolas, levados a cabo no mercado interior ou en terceiros países, conforme o previsto no Regulamento (UE) n.º 1144/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2014, sobre accións de información e de promoción relativas a produtos agrícolas no mercado interior e en terceiros países, e polo que se deroga o Regulamento (CE) n.º 3/2008 do Consello, e nas súas normas de desenvolvemento e aplicación en todos aqueles aspectos en que se lles encomenda aos Estados membros a súa xestión e coordinación.

Artigo 2. *Definicións.*

Para efectos da aplicación deste real decreto entenderase como:

a) «Autoridades competentes»: as autoridades nacionais competentes responsables designadas para a xestión e coordinación dos programas simples, de conformidade co

artigo 9 do Regulamento de execución (UE) n.º 2015/1831 da Comisión, do 7 de outubro de 2015, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1144/2014 do Parlamento Europeo e do Consello sobre accións de información e de promoción relativas a produtos agrícolas no mercado interior e en terceiros países. Para tal efecto, as autoridades competentes serán a Dirección Xeral da Industria Alimentaria (DXIA) do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e o Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA), organismo adscrito ao dito ministerio.

b) «Programas simples»: aqueles presentados por unha ou varias entidades proponentes pertencentes ao mesmo Estado membro.

c) «Entidades proponentes»: aquelas ás cales se refire o artigo 7.1 do Regulamento (UE) n.º 1144/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2014, que presentan ante a Comisión Europea as propostas de accións de información e promoción.

d) «Organismo de execución»: organismo encargado da execución do programa proposto, que será seleccionado mediante un procedemento aberto e público pola entidade proponente.

e) «Beneficiario»: entidade proponente seleccionada unha vez subscrito o contrato coas autoridades competentes.

Artigo 3. *Presentación das solicitudes e selección dos programas simples.*

1. As solicitudes presentadas serán dirixidas á Axencia Executiva de Consumidores, Saúde, Agricultura e Alimentación da Unión Europea (Chafea), organismo encargado de publicar anualmente a convocatoria de propostas para os programas simples e múltiples, con base no programa de traballo anual adoptado cada ano pola Comisión Europea.

2. As entidades proponentes poderán presentar unha ou varias solicitudes de axuda, de acordo co disposto na convocatoria de propostas publicadas pola Chafea no sitio web http://ec.europa.eu/chafea/agri/index_en.html.

3. Unha vez que a Comisión Europea avaliasse e seleccionase as propostas de programas simples, segundo o disposto no artigo 11 do Regulamento (UE) n.º 144/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2014, remitirá copias dos programas simples seleccionados ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.

4. A Comisión Europea, asistida polo Comité da Organización Común de Mercados Agrarios, establecido en virtude do artigo 229 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007, adoptará actos de execución (decisión de concesión) nos cales se determinen os programas simples seleccionados.

Artigo 4. *Información ás entidades proponentes.*

O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, a través da Dirección Xeral da Industria Alimentaria, informará as entidades proponentes sobre a aceptación ou non das súas solicitudes no prazo dos tres días seguintes ao da data de recepción da notificación do acto de decisión de concesión da Comisión Europea mencionado no artigo 11.2 do Regulamento (UE) n.º 1144/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2014.

Artigo 5. *Selección dos organismos de execución e actuacións de comprobación e control.*

1. As entidades proponentes deben seleccionar o organismo de execución que se encargará da execución dos programas, de acordo co disposto no artigo 2 do Regulamento delegado (UE) n.º 2015/1829 da Comisión, do 23 de abril de 2015, que completa o Regulamento (UE) n.º 1144/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, sobre accións de

información e de promoción relativas a produtos agrícolas no mercado interior e en terceiros países, conforme os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e transparencia.

2. Non obstante, como excepción ao disposto no número 1, unha entidade propoñente poderá executar pola súa conta determinadas partes dun programa simple sempre que se cumpran, conforme o disposto no artigo 11 do Regulamento de execución (UE) n.º 2015/1831 da Comisión, do 7 de outubro de 2015, as condicións seguintes:

- a) Que a entidade propoñente conte, como mínimo, con tres anos de experiencia na execución de accións de información e de promoción,
- b) Que a entidade propoñente se asegure de que o custo das accións que teña previsto realizar por si mesma non supera os prezos normais do mercado.

3. A Dirección Xeral da Industria Alimentaria é o órgano competente responsable de verificar e controlar que os procedementos de selección dos organismos de execución se axustan ao establecido na normativa aplicable e ao establecido nas directrices elaboradas para tal efecto e dispoñibles no sitio web http://ec.europa.eu/chafea/agri/faq-promotion-policy-1-4_en.html.

4. Os organismos de execución estarán sometidos ás actuacións de comprobación e control que poida efectuar a entidade propoñente, para verificar o cumprimento das condicións exixidas á dita entidade na execución do programa ou programas simples, así como a realización por parte dese organismo da actuación obxecto do programa.

Para tal efecto, os organismos de execución deberán dispor de libros contables, rexistros e outros documentos xustificativos nos termos exixidos pola lexislación aplicable á entidade propoñente conforme o disposto no artigo 8.3.

5. Os organismos de execución deberán manter a información actualizada e informar inmediatamente a entidade propoñente ou beneficiario sobre calquera evento ou circunstancia que poida afectar significativamente a execución do programa ou os intereses financeiros da Unión Europea, para efectos dos correspondentes controis.

Artigo 6. *Forma e prazo de presentación das solicitudes aceptadas.*

1. As entidades propoñentes deberán presentar, ante a Dirección Xeral da Industria Alimentaria, no prazo máximo de trinta días hábiles contados desde a data de recepción da notificación da decisión de concesión a que se refire o artigo 4, unha solicitude de acordo co modelo de solicitude de aprobación do proceso de selección do organismo de execución que estará dispoñible no sitio web <http://www.mapama.gob.es/es/alimentacion/temas/promocionalimentaria/programas-de-informacion-y-promocion-de-productos-agricolas/>, xunto coa seguinte documentación:

- a) Convocatoria.
- b) Descrición dos medios empregados para dar difusión á convocatoria (publicación en páxinas web ou xornais, envíos da convocatoria por correo electrónico, e demais medios destinados para tal fin).
- c) Copia das propostas recibidas.
- d) Criterios de selección aplicados. Estes criterios deben ser obxectivos e non discriminatorios. A oferta elixida representará a mellor relación calidade/prezo. Se a selección non recae na proposta económica máis vantaxosa, deberase xustificar expresamente.
- e) Documento que dea fe do proceso formal onde se adjudica a elección, asinado polo representante da organización propoñente (orixinal ou copia compulsada).
- f) A identificación da/s entidade/es que intervirá/n eventualmente na execución das accións e descrición dos traballos que deberá desenvolver cada unha delas.

2. A entidade propoñente, segundo o disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, disporá dun prazo de dez días hábiles para emendar ou achegar os documentos preceptivos indicados anteriormente.

Artigo 7. *Proposta de resolución e resolución definitiva.*

1. Unha vez revisada a documentación presentada, correspóndelle ao director xeral da Industria Alimentaria dital e notificar a proposta de resolución en que se estimen ou desestimen as solicitudes presentadas no prazo máximo de dez días hábiles, e concederá un prazo de dez días hábiles para a presentación de alegacións.

Transcorrido o dito prazo, o secretario xeral de Agricultura e Alimentación ditalá resolución definitiva que se lles notificará ás entidades propoñentes no prazo de cinco días hábiles.

2. A resolución definitiva que se dite non pon fin á vía administrativa, e contra ela pódese recorrer en alzada perante o ministro de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente conforme o disposto no artigo 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Transcorrido o prazo máximo establecido sen que se dite e notifique resolución expresa, poderase entender desestimada a solicitude, de acordo co previsto no artigo 25.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 8. *Celebración de contratos.*

1. A sinatura do contrato para a execución dos programas realizarase entre a entidade propoñente seleccionada e o secretario xeral de Agricultura e Alimentación do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, dentro dun prazo de 90 días naturais a partir da data do escrito de notificación da decisión da Comisión e segundo o disposto no artigo 10.3 do Regulamento de execución (UE) n.º 2015/1831 da Comisión, do 7 de outubro de 2015. A data da sinatura do contrato determina a adquisición da condición de beneficiario por parte da entidade propoñente, así como das correspondentes obrigacións e responsabilidades conforme o disposto neste real decreto.

O modelo de contrato estará á disposición das entidades propoñentes no sitio web http://www.mapama.gob.es/es/alimentacion/temas/promocion-alimentaria/programas-de-informacion-y-promocion-de-productos-agricolas/nueva_politica_promocion.aspx.

2. A data de inicio de execución do programa será o primeiro día do mes seguinte á data de sinatura do contrato. Non obstante, a data de inicio pódese pospor por petición do beneficiario ata un máximo de seis meses, en particular para ter en conta no programa a estacionalidade do produto en cuestión ou a participación nun evento ou feira específico.

Artigo 9. *Obrigacións dos beneficiarios.*

1. Será responsabilidade dos beneficiarios a correcta execución dos programas simples seleccionados de acordo co establecido no contrato asinado e na normativa aplicable.

2. Os beneficiarios deberán presentar ante a Dirección Xeral da Industria Alimentaria, en calquera momento durante a execución do programa e, en todo caso, como data límite no momento da solicitude do pagamento, o material de información e promoción producido no marco dos ditos programas, co fin de verificar que estes se axustan ao dereito da Unión Europea.

Xunto co citado material, presentarán tamén unha declaración relativa á conformidade do material de información e promoción elaborado no marco dos programas coa normativa da Unión Europea ou, de ser o caso, coa lexislación do terceiro país en que se desenvolva o programa.

No caso de verificarse a non conformidade co dereito da Unión, a Dirección Xeral da Industria Alimentaria comunicarlles este feito ao interesado e ao FEAGA para efectos do pagamento correspondente.

3. Os beneficiarios e os organismos de execución manterán rexistros e outros documentos xustificativos que demostren a correcta execución do programa e os custos declarados subvencionables, en virtude do artigo 12 do Regulamento de execución (UE) n.º 2015/1831 da Comisión, do 7 de outubro de 2015.

4. Os beneficiarios deberán manter a información actualizada e informar inmediatamente o FEGA sobre calquera evento ou circunstancia que poida afectar significativamente a execución do programa ou os intereses financeiros da Unión Europea, para efectos dos correspondentes controis.

Artigo 10. Pagamento de anticipo.069.

1. De acordo co artigo 13 do Regulamento de execución (UE) n.º 2015/1831 da Comisión, do 7 de outubro de 2015, nun prazo de trinta días naturais a partir da data da sinatura do contrato, o beneficiario poderá presentar ante o FEGA unha solicitude de pagamento dun anticipo, xunto coa fianza prevista no número 2. Os modelos documentais establecidos para tal efecto estarán dispoñibles na web do FEGA <http://www.fega.es/>

2. O anticipo aboarase coa condición de que o beneficiario constitúa unha fianza igual ao importe do anticipo a favor do FEGA, de conformidade co capítulo IV do Regulamento delegado (UE) n.º 907/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, que completa o Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no relativo aos organismos pagadores e outros órganos, á xestión financeira, á liquidación de contas, ás garantías e ao uso do euro.

3. O pagamento do anticipo non poderá supor máis do 20 % da contribución financeira máxima da Unión Europea, establecida no artigo 15 do Regulamento (UE) n.º 1144/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2014.

4. O FEGA deberá realizar o pagamento do anticipo nun prazo de trinta días naturais a partir da data de recepción da fianza ou nun prazo de trinta días naturais a partir da data que sexa dez días naturais antes da data de inicio da execución do programa, o que se produza máis tarde.

5. O anticipo liquidarase no momento do pagamento do saldo.

6. Malia o disposto nos números 1 e 5, no caso de que no ámbito nacional se reciba axuda financeira de conformidade co artigo 15.3 do Regulamento (UE) n.º 1144/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2014, os beneficiarios poden solicitar o pagamento dun anticipo en dous prazos. Os solicitantes que decidan acollerse a esta opción solicitarán o primeiro prazo do pagamento do seu anticipo dentro da data límite prevista no número 1. A solicitude da parte restante do anticipo só se poderá presentar unha vez liquidada a súa primeira parte.

Artigo 11. Solicitudes de pagamentos intermedios.

1. De acordo co artigo 14 do Regulamento de execución (UE) n.º 2015/1831 da Comisión, do 7 de outubro de 2015, excepto no último ano de execución do programa, as solicitudes dun pagamento intermedio das contribucións financeiras da Unión Europea deberán ser presentadas polos beneficiarios ante o FEGA nun prazo de sesenta días naturais a partir da data en que o programa cumprise un ano de execución.

2. Estas solicitudes cubrirán os custos subvencionables en que se incorrese durante o ano en cuestión e deberán ir xunto coa documentación relacionada no artigo 14, números 2, 3 e 4 do Regulamento de execución (UE) 2015/1831, do 7 de outubro de 2015. Os modelos documentais establecidos para tal efecto estarán dispoñibles na web <http://www.fega.es/>

Artigo 12. Solicitude de pagamento do saldo.

1. De acordo co artigo 15 do Regulamento de execución (UE) n.º 2015/1831 da Comisión, do 7 de outubro de 2015, o beneficiario presentará ao FEGA a solicitude de pagamento do saldo no prazo de noventa días naturais seguintes ao da data de conclusión do programa prevista no contrato.

2. A solicitude só se considerará admisible se vai acompañada da documentación relacionada nos números 3, 4 e 5 do artigo 15 do Regulamento de execución (UE) n.º 2015/1831 da Comisión, do 7 de outubro de 2015. Os modelos documentais establecidos para tal efecto estarán dispoñibles na web do FEGA (<http://www.fega.es/>).

Artigo 13. Pagamentos realizados polo FEGA.

1. De acordo co artigo 16 do Regulamento de execución (UE) n.º 2015/1831 da Comisión, do 7 de outubro de 2015, os pagamentos intermedios e os pagamentos de anticipos non poderán superar no seu conxunto o 90 % da contribución financeira total da Unión Europea.

2. O FEGA efectuará os pagamentos mencionados nun prazo de sesenta días naturais a partir da recepción da solicitude de pagamento, sempre que se realizasen todos os controis de conformidade co Regulamento de execución (UE) n.º 2015/1831 da Comisión, do 7 de outubro de 2015.

3. Se é necesario levar a cabo controis administrativos adicionais ou sobre o terreo, poderase ampliar o prazo mencionado no número 2 mediante notificación ao beneficiario.

Artigo 14. Controis administrativos e sobre o terreo.

1. O FEGA é o organismo competente para verificar sistematicamente as solicitudes de pagamento, así como para realizar os controis administrativos dos programas simples seguindo as indicacións establecidas no artigo 19 do Regulamento de execución (UE) n.º 2015/1831 da Comisión, do 7 de outubro de 2015. Para isto solicitará a información adicional que se considere oportuna e, cando proceda, levará a cabo controis adicionais.

2. A realización dos controis sobre o terreo farase de acordo co establecido no artigo 20 do Regulamento de execución (UE) n.º 2015/1831 da Comisión, do 7 de outubro de 2015. Comporanse de controis técnicos e contables nas instalacións do beneficiario e, se corresponde, do organismo de execución.

3. Sen prexuízo do disposto no Regulamento delegado (UE) 2015/1971 da Comisión, do 8 de xullo de 2015, polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello con disposicións específicas sobre a notificación de irregularidades respecto do Fondo Europeo Agrícola de Garantía e do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1848/2006 da Comisión, o FEGA deberá informar a Comisión, en canto sexa posible, sobre calquera irregularidade detectada durante os controis.

Artigo 15. Rexeitamento de custos non subvencionables e recuperación de pagamentos indebidos.

1. En virtude do artigo 17 do Regulamento de execución (UE) n.º 2015/1831 da Comisión, do 7 de outubro de 2015, no momento en que se efectúe un pagamento provisional, o pagamento final ou despois dos ditos pagamentos, o FEGA rexeitará os custos que se consideren non subvencionables unha vez realizados os controis.

2. O beneficiario reembolsará os pagamentos indebidos de conformidade co capítulo III, sección 1, do Regulamento de execución (UE) n.º 908/2014 da Comisión, do 6 de agosto de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello en relación cos organismos pagadores e outros organismos, a xestión financeira, a liquidación de contas, as normas relativas aos controis, as garantías e a transparencia.

3. Aplicarase o tipo de xuro establecido no artigo 83, número 2, letra b) do Regulamento delegado (UE) n.º 1268/2012 da Comisión, do 29 de outubro de 2012, sobre as normas de desenvolvemento do Regulamento (UE, Euratom) n.º 966/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión.

Artigo 16. Devolución por iniciativa do preceptor.

O beneficiario poderá efectuar a devolución voluntaria dos importes recibidos sen requirimento previo da Administración, conforme o establecido no artigo 90 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado mediante o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo. A devolución realizarase de acordo co procedemento de

recadación dos ingresos non tributarios regulados pola Orde PRE/1064/2016, do 29 de xuño, pola que se desenvolve parcialmente o Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, no relativo ao procedemento de recadación de recursos non tributarios nin alfandagueiros de titularidade da Administración xeral do Estado a través de entidades colaboradoras, a través do modelo 069 que expedirá o FEGA.

Artigo 17. *Sancións administrativas.*

1. De conformidade co artigo 5 do Regulamento delegado (UE) n.º 2015/1829 da Comisión, do 23 de abril de 2015, en caso de irregularidades, imporáselle unha sanción administrativa ao beneficiario consistente no pagamento do dobre da diferenza entre o importe inicialmente pagado ou solicitado e o importe realmente debido.

2. En caso de reiteración de irregularidades a que se refire o número 1, ou cando o beneficiario incumprise gravemente as súas obrigacións no procedemento de selección dos programas ou no funcionamento destes, o beneficiario será excluído do dereito a participar en accións de información e de promoción durante un período de tres anos a partir da data da infracción.

3. Sen prexuízo do anterior, será de aplicación o título IV de a Lei 38/2003, do 17 de novembro, sobre infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións.

Disposición adicional única. *Normativa aplicable.*

En todo o non previsto neste real decreto será de aplicación o Regulamento (UE) n.º 1144/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2014, e as súas normas de desenvolvemento e aplicación, así como a Lei 38/2003, do 17 de novembro, e o seu regulamento, aprobado mediante o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Disposición transitoria única. *Programas seleccionados con anterioridade ao 1 de decembro de 2015.*

As disposicións da Orde AAA/1548/2014, do 28 de agosto, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para programas de información e promoción de produtos agrícolas no mercado interior e en terceiros países, previstas no Regulamento (CE) n.º 3/2008 do Consello, do 17 de decembro de 2007, sobre accións de información e de promoción dos produtos agrícolas no mercado interior e en terceiros países, seguirán sendo de aplicación a aquelas medidas de información e de promoción para as cales a Comisión decidise o financiamento antes do 1 de decembro de 2015.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Orde AAA/1548/2014, do 28 de agosto, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para programas de información e promoción de produtos agrícolas no mercado interior e en terceiros países.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, salvo as medidas de promoción en países terceiros, que se ditan ao abeiro do disposto no artigo 149.1.10.ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de comercio exterior.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de xaneiro de 2017.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura e Pesca,
Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA